

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 29 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2020.

Advertidos erros na citada orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 27, do 10 de febreiro de 2020, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 8650, no punto 5 do artigo 1, primeiro parágrafo, onde di: «...ou poñerse en contacto co teléfono 608 75 10 75», debe dicir: «...ou poñerse en contacto co teléfono 608 75 10 78».

Na páxina 8659, no segundo parágrafo do artigo 11, onde di: «Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, excepto o 9 de abril (Xoves Santo), que será hábil segundo a modalidade de pesca autorizada en cada masa de auga», debe dicir: «Os xoves serán hábiles unicamente para a modalidade de pesca sen morte en todas as masas de auga, excepto o 19 de marzo (San Xosé) e o 9 de abril (Xoves Santo), que serán hábiles segundo a modalidade de pesca autorizada en cada masa de auga».

Na páxina 8697, táboa do anexo XI correspondente á provincia de Lugo, no couto de Ribeira de Piquín,

Onde di:

Ribeira de Piquín, tramo 1	Rodil	Presa do muíño de Andrés (Ribeira de Piquín; 647.735, 4.782.334)	Xunta co Eo (Ribeira de Piquín; 646.350, 4.781.706)	2	sm	sm	sm	sm	sm	2	2		
Ribeira de Piquín, tramo 2	Eo	Xunta do Rodil (Ribeira de Piquín; 646.350, 4.781.706)	Pasarela da Volta da Teixeira (Ribeira de Piquín; 645.718, 4.787.712)	9,5	sm	sm	sm	t/sm	t/sm	28	28	19	4

Debe dicir:

Ribeira de Piquín, tramo 1	Rodil	Presa do muíño de Andrés (Ribeira de Piquín; 647.735, 4.782.334)	Xunta co Eo (Ribeira de Piquín; 646.350, 4.781.706)	2	sm	sm	sm	sm	sm	5	5		
Ribeira de Piquín, tramo 2	Eo	Xunta do Rodil (Ribeira de Piquín; 646.350, 4.781.706)	Pasarela da Volta da Teixeira (Ribeira de Piquín; 645.718, 4.787.712)	9,5	sm	sm	sm	t/sm	t/sm	25	25	19	4

